

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA O DÍA 13 DE AGOSTO DE 2014

A Xunta de Goberno Local celebra sesión extraordinaria e urxente, en primeira convocatoria, o día trece de agosto deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

- Acórdase ratificar o carácter extraordinario e urxente da sesión.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

- Acórdase aprobar o procedemento de licitación para a autorización de instalación de postos de venda na "I Feira de artesanía e gastronomía do San Froilán 2014".

- Acórdase resolver o expediente de incautación da garantía definitiva por defectos non arranxados na realización das obras de construción dun edificio para Casa da Xuventude, no barrio de San Fiz, parcela 10, quintero B, do Plan Parcial de ordenación SUR K.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación:5BuCRegcZ94xg6HLRimfIQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	14/08/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/1

